


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 10/10/2019 8:15:54

SAIDA

10884/19



**Valedor
doPobo
Galicia**

Don Miguel Ángel Delgado González
Rúa Juan Castro Mosquera, 28, 2º dcha
15005 A Coruña

Expediente: I.5.Q/4365/19

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Estimado Sr. Delgado:

Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número arriba indicado.

Unha vez estudiada a súa queixa, temos que diferenciar dúas cuestións, por unha banda está o asunto da petición do seu historial clínico e por outra banda está a súa solicitude de que esta institución valore si existen indicios de infracción do artigo 542 do CP.

Polo que atinxe o primeiro asunto damos por admitida a súa queixa ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución.


En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante a Consellería de Sanidade. En concreto requirímoslle que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre os problemas que motivan a súa queixa. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que ese órgano ten que remitirnos poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

No obstante, polo que respecta o artigo 542 CP temos que decírlle que esta institución non é un órgano xurisdiccional e polo tanto non pode entrar na análise que nos solicita.

Se vostede conta con vías de recurso e desexa fazer uso delas, a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para presentar o recurso correspondente fronte a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional.

Informámolo tamén de que o Valedor do Pobo non pode entrar no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e debe suspender a súa actuación no caso de que, unha vez iniciada, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional.

Agradézolle a confianza que nos demostra, e saúdoo atentamente.


María Dolores Fernández Galliño
Valedora do Pobo

**Valedor
doPobo**